



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

2018000026409

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PRÓRROGA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEDEIRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN PARA A REMODELACIÓN DA ÁREA EXPOSITIVA DO CASTELO DA CONCEPCIÓN .

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña

Vista a solicitude presentada polo concello de Cedeira de prórroga do convenio de cooperación citado *ut supra*, aprobado por Acordo Plenario núm.17 de 29 de marzo de 2019, formalizado en documento administrativo núm. nº 34 o 16 de abril de 2019, e unha vez vistos os informes dos Servizos de Patrimonio e Contratación e Fiscalización.

RESOLVO

Aprobar a prórroga do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cedeira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da subministración para a remodelación da área expositiva do Castelo da Concepción, ata o **31 de outubro de 2021** condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.